

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 9 DE OUTUBRO DE 2007.

Na Sala de Comisións da Casa do Concello de Mugardos, ás nove horas e cinco minutos do día nove de outubro do ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión extraordinaria urxente e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, Dna. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Moisés Rivadulla Fernández e Dna. Anxos Díaz Prados. Asiste tamén a interventora, Dna. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.-RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.

Pola presidencia xustifícase a urxencia da convocatoria no curto prazo establecido para a xustificación da obra de “Acondicionamento do Prazo do Mercado”, até o 30 de outubro do actual, prazo no que se non conceden unha prórroga non será posible facer a obra.

Á vista do cal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar o carácter urxente da convocatoria.

2.-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO ENTORNO DO MERCADO” (PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DO ENTORNO DO MERCADO II).

Tendo en conta a proposta da alcaldía, que copiada literalmente di:

“Concedida pola Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria, na súa resolución de data 30.08.2007 (nº. de entrada neste rexistro xeral 4682/31.08.07), unha subvención por importe de 118.873,69 euros para un investimento subvencionable de 169.819,56 euros, para as obras de “ACONDICIONAMENTO ENTORNO DO MERCADO”, obra denominada no proxecto técnico redactado ao efecto “ PROXECTO DE REURBANIZACIÓN ENTORNO DO MERCADO II ” na que se fixa como prazo de xustificación do investimento o vindeiro 30 de outubro de 2007.

E tendo en conta o curto prazo dispoñible para a xustificación do investimento a realizar e que os trámites para a contratación das obras non puideron iniciarse ate ter redactado o necesario proxecto técnico, proxecto que polo seu custo non se encargou ata ter a confirmación da concesión da axuda solicitada, pola presente propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Declarar de imperiosa urxencia o expediente de contratación en base á necesidade de poder iniciar as obras e xustificarlo investimento ante a Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria no prazo establecido, o que non podería conseguirse de seguirse o procedemento normal de contratación esixible para o presente caso - subhasta ou concurso - aínda que se declarase de tramitación urxente, debido ós trámites de publicidade que habería de seguirse nese procedemento.

2.- Acorda-la contratación da obra de " ACONDICIONAMENTO ENTORNO DO MERCADO", obra denominada no proxecto técnico redactado ao efecto "REURBANIZACIÓN ENTORNO DO MERCADO II " polo procedemento negociado sen publicidade.

3.- Aprobar o proxecto técnico das obras de "REURBANIZACIÓN ENTORNO DO MERCADO II", redactada pola arquitecta Xulia Cortizas Díaz, de data setembro de 2007, cun presuposto de execución por contrata de 169.819,56 euros, IVE incluído, sendo o seu financiamento o que figura de seguido:

SUBVENCION	118.873,69
APORTACION MUNICIPAL	50.945,87
TOTAL	169.819,56

4.- Aprobar o gasto con cargo a partida 2007.0.511.0.637.00 do orzamento vixente, prorrogado do 2006.

5.- Prestar aprobación ao prego de condicións que rexerá a contratación, sinalando que se dispensa da esixencia de clasificación en base á urxencia na contratación das obras.

6.- Solicitar a Delegación Provincial unha ampliación do prazo de xustificación da axuda, ao resultar materialmente imposible executar as obras no prazo concedido.

7.- Sinalar que a adxudicación queda condicionada a concesión da ampliación do prazo de xustificación das obras.

8.- Establecer que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos por non supera-la execución o prazo de doce meses establecido no artigo 103 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas."

E tendo en conta os informes de secretaria e intervención municipal, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á proposta anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN DO “MODIFICADO NÚM. 1 DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA BEIRA NORTE DA RÚA AREOSA”.

Visto o “MODIFICADO NÚM. 1 DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA BEIRA NORTE DA RÚA AREOSA”, redactado pola arquitecta Dna. Xulia Cortizas Díaz, en data setembro de 2007, cun presuposto de execución por contrata de CENTO CINCUENTA E CATRO MIL CATROCENTOS QUINCE EUROS CON SETENTA E ÚN CÉNTIMOS (154.415,71 €), e tendo en conta os informes da secretaría e intervención municipal, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Presta-la súa aprobación ao “MODIFICADO NÚM. 1 DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA BEIRA NORTE DA RÚA AREOSA”, redactado pola arquitecta Dna. Xulia Cortizas Díaz, en data setembro de 2007, cun presuposto de execución por contrata de CENTO CINCUENTA E CATRO MIL CATROCENTOS QUINCE EUROS CON SETENTA E ÚN CÉNTIMOS (154.415,71 €) IVE incluído, o que supón un incremento de 15.647,93 euros, unha vez aplicado o coeficiente de baixa, respecto ao prezo do contrato formalizado co adxudicatario do proxecto inicial, D. CONSTRUCCIONES SANMARTIN S.A, fixado na contía de 121.782,05 euros, IVE incluído.

2º.- Adxudicar directamente o “MODIFICADO NÚM. 1 DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA BEIRA NORTE DA RÚA AREOSA”, no prezo de 137.429,98 euros, IVE incluído, que supón un incremento de 15.647, 93 € respecto ao contrato inicial.

3º.- Aproba-lo gasto con cargo á partida 2007.0.432.0.60101 do vixente presuposto, prorrogado do 2006.

4º.- Que se lle notifique ó adxudicatario o presente acordo dentro do prazo de dez días e se lle requira para que, dentro do prazo de quince días, contados a partir da notificación, proceda á formalización da garantía definitiva por importe de 625,92 euros - diferenza do prezo do contrato - así como á formalización administrativa da presente modificación.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e vinte e un minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE